

Castro Caldelas



**un paseo de
historia e vida**

Castro Caldelas

CASTRO CALDELAS É UNHA PEQUENA POBOACIÓN DA PROVINCIA DE OURENSE QUE TEN APENAS 1.200 HABITANTES, LOCALÍZASE A 720 METROS DE ALTITUDE E OCUPA UN LUGAR ESTRATÉXICO XA COÑECIDO DE VELLO. É POSIBLE QUE NESTA LOCALIZACIÓN EXISTISE UN ANTIGO POBOADO PRERROMANO, COMO DEMOSTRA O SEU TOPÓNIMO. POLO TERMO MUNICIPAL PASA A VÍA NOVA, UNHA CALZADA ROMANA QUE COMUNICABA BRAGA CON ASTORGA. O SEU IMPOÑENTE CASTELO MEDIEVAL DOMINA TODA A COMARCA E É A PORTA DE ENTRADA Á RIBEIRA SACRA.



Imprescindibles

A Casa Fidalga



B Castelo



C Torre de Homenaxe e Patio de Armas



D Igreja de Santa Isabel



E Santuário dos Remedios



F A Pena de Matacás



A ruta



- 1 Praza do Prado
- 2 Rúa Grande
- 3 O Castelo
- 4 Rúa do Mercado
- 5 Santuario dos Remedios





Castro Caldelas

Iniciamos a nosa ruta na **praza do Prado** ①, que está rodeada de arquitectura popular edificada con granito e lousa, materiais propios desta terra, na que non faltan as fermosas galerías que iluminan os inmobles. Aquí podemos mercar en varios dos seus negocios o produto local máis típico, aínda que tamén se elabora noutros puntos de Galicia: a bica manteigada. É un biscoito feito con azucre, fariña, ovo e manteiga de vaca, suave e moi agradable ao padal, perfecto para acompañar un café, unha infusión ou un licor.

Para degustala, podémonos achegar ao Café Bar Rubio, que ademais brinda a oportunidade de probar viños e licores da Denominación de Orixe Ribeira Sacra.

Sen saír da praza do Prado, atópase o Café Bar Adega do Grilo, que dispón tamén dunha tenda con produtos de recordo e gastronómicos, coma o marron glacé, mel ou o queixo de cabra artesán da queixaría Touza Vella, elaborado pola cooperativa local Como Cabras, de pasta prensada con leite cru de cabra e presentado cunha cortiza amofada natural, sen tratamento químico. Ofrece, ademais, a degustación de bica do Forno de

Malena. Moi próximo está o Estanco-Bazar Casa Rafael que presenta unha gran variedade de artigos como postais ou recordos e, por suposto, tabaco.

Nas inmediacións da praza hai varios locais onde degustar e mercar este saboroso biscoito, coma a Casa Eladio que ofrece as Bicas Lalo, elaboradas coa mesma receita dende hai máis de 40 anos ou Bicas O Forno (detrás do concello). Este último non só elabora a bica tradicional, senón tamén as variedades de castaña, de froitos secos e de améndoas.

No noso camiño ascende pola **rúa Grande** ②. Ao comezo do antigo recinto medieval,



PÁXINAS ANTERIORES Bicas, Castelo

PÁXINA OPOSTA Rúa Grande.

ABAIXO Praza do Prado





atoparémonos cunha CASA FIDALGA DO SÉCULO XVIII, brasonada. Está catalogada como monumento do Patrimonio Histórico Artístico Nacional e hoxe é sede do Hotel Casa de Caldelas, que nos ofrece os seus servizos de hospedaxe, tenda de artesanía, recordos e produtos gastronómicos, e mesmo pezas de artistas locais coma Cándido Caneiro ou Maite Vázquez. locais como Cándido Caneiro o Maite Vázquez.

Deseguida vemos outro edificio nobre onde se atopa a Farmacia González Movilla, o es-



caparate da cal fainos retroceder ao pasado con curiosos instrumentais coma a balanza, o microscopio ou o morteiro das vellas boticas.

Continuamos pola rúa Grande ata chegar á Librería Nós. O seu nome é unha clara alusión ao grupo de intelectuais galeguistas formado por Vicente Risco, Otero Pedrayo, López Cuevillas ou Castelao, nas primeiras décadas do século XX.

Ao seu carón atópase a Pousada Vicente Risco, na casa onde viviu o ilustre escritor e membro fundador do Partido Galeguista en 1931. É un histórico e agradable lugar situado moi preto do castelo onde tamén se ofrece un servizo de restaurante.

PÁXINAS ANTERIORES Escudos e patio de armas do castelo

ARRIBA Vista do Castelo

ABAIXO Casa Fidalga

Un pouco máis arriba chegamos á Pensión Rústica-Restaurante Caldelas Sacra. Un importante referente da gastronomía local que nos ofrece produtos da horta e de temporada e unha esmerada selección de viños, entre os que destacan os da Denominación de Orixe Ribeira Sacra. huerta y de temporada y una esmerada selección de vinos, entre los que destacan los de la Denominación de Origen Ribeira Sacra.



O noso paseo desemboca no principal monumento de Castro Caldelas, O CASTELO 3. A fortaleza ofrécenos unha marabillosa paisaxe. Dende as súas torres albíscanse as montañas e serras ourensás, a fractura do canón do río Sil, a meseta e a montaña luguesa e os montes galaico-bercianos, polo que non é de estrañar que este lugar fora tan cobizado polos reis e señores feudais. Aínda conserva varias torres, coma a da homenaxe e a do reloxo, unha dobre muralla con torres grandes de vixilancia e curiosas garitas en forma de colmeas.



O castelo foi mandado construír no século XIV por Pedro Fernández de Castro. Un século máis tarde, cando pasou a pertencer ao Condado de Lemos, foi demolido polos Irmandiños e ordenouse reconstruír trala derrota da revolta. No século XVI adquire o seu aspecto de palacio e no ano 1777, cando polo matrimonio de Jacobo Fitz-James e María Teresa da Silva y Álvarez de Toledo se xuntan a Casa de Alba e a de Lemos, pasa a ser propiedade da familia Alba, á que aínda hoxe pertence. O castelo foi cedido en usufruto no ano 1992 pola Casa de Alba ao Concello de Castro Caldelas, a cambio da súa restauración e mantemento. Actualmente, no seu interior alóxase a Oficina de Turismo e serve tamén de sede de espazos expositivos, da Biblioteca Municipal e do Museo Etnográfico e Arqueolóxico.

ARRIBA Forneando bicas

ABAIXO Disfrutando da paisaxe desde a torre da Homenaxe

P. SEGUINTE Torre do Reloxo





Paga a pena subir a contemplar a paisaxe que se albisca dende as torres da Homenaxe e do Reloxo. Esta última conserva o sistema mecánico do reloxo do século XIX que aínda dá a hora na vila, un forno e unha antiga cheminea. No patio de armas podemos ver un alxibe, acceder ao paseo de rolda e subir á balconada de madeira e ás diferentes dependencias do castelo.

Continuamos o noso paseo pola vila e achegámonos pola **rúa do Mercado** 4 ata a **IGRE-**

XA DE SANTA SABELA, que data do século XVI e presenta elementos manieristas. Nun lateral descubrimos o escudo dos condes de Lemos, por entón señores da vila, e chama tamén a nosa atención o pintoresco cemiterio que a arrodea, xa que foi igrexa parroquial. Dende a súa fachada enxérganse o canón do Sil e o profundo desnivel ocupado polos socalcos das viñas; pola dificultade que entraña nestes lugares a colleita da uva, non é de estrañar que á produción do viño da Denominación de Orixe Ribeira Sacra se lle denomine viticultura heroica.

Moi preto, na zona máis vella do poboado medieval, na mesma rúa do Mercado, atópa-



se a **Casa Rural Cima da Vila**, que conserva todo o encanto da arquitectura popular da bisbarra..

Dende alí retornamos, pola **rúa do Sol**, á praza do Prado, ao punto de inicio do noso percorrido. Durante o paseo contemplamos calellas empedradas, escaleiras construídas sobre a rocha viva, algunhas casas brasonadas que pertenceron a importantes familias e fermosas galerías, moi típicas de Castro Caldelas.

Xa na praza, cruzamos a estrada OU- 536 e achegámonos ao **santuario dos Remedios** 5. Sobre un templo anterior, moi deteriorado pola Guerra da Independencia, erixiuse en 1814 a igrexa actual. Para iso contouse co donativo en especie dos veciños da comarca, que achegaron carneiros, vacas, ovellas, mel, cereais, queixo, viño... No seu interior podemos apreciar os tirantes que axudan a soportar parte da estrutura, enxeñosa solución atribuída ao ferreiro local Gervasio



Mosquera, que, por medio dunha longa chave e a forza dunha parella de bois, apertaba as porcas que vemos no exterior. O santuario ten unha das escasas cúpulas elípticas de Galicia. Dende o seu adro sae en procesión o fachón grande durante a véspera da festividade de San Sebastián, o 19 de xaneiro. Trátase dun facho acendido duns 30 metros, erguido con forcas polos homes do pobo, que segue á imaxe do santo que percorre a vila. Esta celebración cristiá da Festa dos Fachós presenta reminiscencias ancestrais de culto ao lume.



PÁXINA OPOSTA, ARRIBA Igrexa de Santa Isabel
PÁXINA OPOSTA, ABAIXO Vista do cemiterio
ARRIBA Pensión rústica - restaurante Caldelas Sacra
ABAIXO Santuario dos Remedios

Visita a unha bodega

Nas inmediacións de Castro Caldelas podemos visitar varias adegas da denominación de orixe Ribeira Sacra e gozar das vistas coas que nos agasallan os viñedos da viticultura heroica. Pola estrada que une Castro Caldelas con Lugo, a LU-903, atopámonos coas indicacións das adegas que nos ofrecen visitas e degustacións, coma a adega Ponte da Boga. Un edificio máis que centenario onde se poden degustar os seus viños e realizar unha visita guiada polas súas instalacións e viñas.

Os Miradoiros da Pena do Xastre, Pena de Matacás e navegación polo río Sil


Pola estrada OU-536, en dirección Ourense, tomaremos un desvío cara a Mazaira para chegar ao miradoiro Pena do Xastre, onde se poden contemplar espectaculares vistas do meandro da Cubela, formado polo río Sil.

Para chegar ao miradoiro da Pena de Matacás seguiremos a estrada LU-903, en dirección Monforte de Lemos. A uns 7 km, á altura do Pombar, tómasse un desvío para chegar ao miradoiro, dende onde se poden contemplar espectaculares vistas sobre o río Sil e o seu canón. Nos embarcadiros de Doade e Abeleda poderemos tomar un catamarán e gozar dun paseo fluvial polo encoro de Santo Estevo, corazón da Ribeira Sacra e un dos principais atractivos da zona. Para acceder

aos embarcadiros regresaremos á LU-903 e descenderemos cara ao río.

A Área de lecer de Ponte das Táboas, a ruta dos muíños e Sendeiro Os bosques máxicos de Castro Caldelas


Dende a praza do Prado sae a ruta de sendeirismo PR-G 213, Os bosques máxicos de Castro Caldelas, con dúas posibilidades de percorrido. O primeiro, de aproximadamente 5,3 quilómetros, lévanos ata a área de lecer de Ponte das Táboas, pasando polos muíños do río Edo. O segundo, máis longo (de 14,9 quilómetros), descende cara ao Souto de Poboeiros e condúcenos ata o mosteiro de San Paio de Abeleda. Ámbolos dous circuitos son circulares. Ao longo da camiñada descubriremos unha gran riqueza paisaxística e arquitectónica, conformada por ríos, fervenzas, soutos e carballeiras, prados, viñedos, mosteiros, capelas e igrexas parroquiais.



ARRIBA Visitando bodegas

PÁXINA OPOSTA Mirador da Pena do Matacás

PÁXINA SEGUINTE Mirador da Pena do Matacás



გზიციბ